

A docencia de Medicina de Familia na Universidade: un rei sen camisa

AUTORES: Ana Clavería Fontán¹; M^a José Fernández Domínguez²; M^a Carmen Fernández Merino³; Francisco Gude Sampedro⁴; Jesús Sueiro Justel⁵; Enrique Nieto Pol⁵; M^a Victoria Martín Miguel⁶; M^a Jesús Freiria Tato⁷; Susana Aldecoa Landesa⁸

¹ VOGAL DE INVESTIGACIÓN DA ASOCIACIÓN GALEGA DE MEDICINA FAMILIAR E COMUNITARIA (AGAMFEC)

² VOGAL DOCENCIA DA AGAMFEC

³ MEMBRO DO GRUPO DE NEUROLOXÍA DA SOCIEDAD ESPAÑOLA DE MEDICINA DE FAMILIA Y COMUNITARIA

⁴ PROFESOR ASOCIADO DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (USC)

⁵ PROFESOR ASOCIADO EN CIENCIAS DA SAÚDE DA USC

⁶ XEFA DE ESTUDOS DA UNIDADE DOCENTE MULTIPROFESIONAL DE ATENCIÓN FAMILIAR E COMUNITARIA DE VIGO

⁷ VICEPRESIDENTA DA AGAMFEC

⁸ PRESIDENTA DA AGAMFEC

Cad. Aten. Primaria
Ano 2021
Volume 27(2)
Páxs. 3-4

INTRODUCCIÓN

Pasado, presente e futuro do sistema de saúde están baseados na Atención Primaria. Pasado, presente e futuro da Atención Primaria están baseados nos seus profesionais.

Desde unha perspectiva pedagóxica, esta é a idade de ouro da educación médica de posgrao. Ensino e avaliación innovadoras. Métodos baseados en obxectivos deron paso á aprendizaxe continuada; as conferencias pasivas a pequenos grupos interactivos. Formación en comunicación baseada en simulación, habilidades procedementais, e a complexa toma de decisións substituíu a escoita. A certificación apoia plenamente a aprendizaxe ao requirir avaliación multidimensional, desde múltiples perspectivas, en lugar de exames. Moitos países esfórzanse por emular o noso sistema educativo.

Pero a situación na Universidade está moi afastada desta realidade. O coñecemento e a experiencia da formación de posgrao poden, e deben, ser trasladables ao pregrao. Esta é, en poucas palabras, a nosa proposta: materia, metodoloxía, prácticas, estrutura docente, selección de profesores e avaliación de alumnos, piden unha revisión profunda da docencia de Medicina de Familia e Comunitaria (MFeC) na Universidade.

PROPOSTA

A AGAMFEC promoveu un grupo de traballo liderado polas vocalías de docencia e investigación en colaboración cos profesores asociados da asignatura de Medicina familiar e comunitaria co obxectivo de actualizar a docencia de Medicina de Familia na Universidade galega. O resultado do traballo é o documento "PROPOSTA DE INNOVACIÓN DOCENTE EN MEDICINA DE FAMILIA NA FACULTADE DE MEDICINA DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA".

(<https://www.agamfec.com/proposta-de-innovacion-docente-en-medicina-de-familia-na-facultade-de-medicina-usc/>)

Actualización da asignatura

O documento inclúe en primeiro lugar a actualización da asignatura de MFeC de 5º curso (3 ETCS), de carácter presencial. Terá dous formatos, actividades presenciais con grupos grandes e obradoiros/seminarios para grupos pequenos. Inclúe aprendizaxe por resolución de problemas, traballo en grupo, prácticas de autoaprendizaxe (autorreflexións), debates, participación de expertos invitados, prácticas de habilidades en centros de simulación. Actualízanse e complétanse as ferramentas avaliativas.

O grupo planea obradoiros de habilidades para alumnos de 4º e 5º curso sobre comunicación e saúde, atención comunitaria, preparación para a práctica clínica, e situacións de alta resolatividade en Atención Primaria.

As prácticas nos centros de saúde en 5º e 6º inclúen actividades de análise e síntese, de investigación ou resolución de problemas, de interacción e comunicación, de construción colaborativa de coñecemento e de reflexión.

Na ECOE (exame clínico obxectivo e estruturado), segundo o criterio de proporcionalidade, MFeC organizará un mínimo de catro estacións.

Para levar adiante este proxecto, propoñemos un convenio de colaboración AGAMFEC-USC (Universidade de Santiago de Compostela). Co obxectivo de aumentar progresivamente os seminarios e obradoiros en grupos pequenos, a AGAMFEC proponlle á Universidade catro seminarios con tres edicións. A transformación é ambiciosa e deberá implantarse gradualmente.

A colaboración da AGAMFEC axudará á factibilidade da proposta, que precisará dun importante compromiso da Universidade e do Servicio Galego de Saúde na optimización de efectivos docentes. Propón que os alumnos que a completen poidan obter créditos de libre configuración

Actualización das prácticas

O grupo de traballo da AGAMFEC propón organizar a docencia seguindo unha estratexia de mentorización, baseada nunha estancia dun mes por curso nun centro de saúde universitario con titorización de alumnos de 4º a 6º. Prantéxase unha estratexia progresiva, e unha rede de comunicación entre os mentores e a Universidade. No futuro as prácticas poderán comezar en cursos anteriores.

Propón que os docentes sexan nomeados colaboradores extraordinarios, figura que existe noutras universidades.

Tutorizárase ao alumno coa realización dun portafolio, unha ferramenta de avaliación formativa na que o alumno recopila actividades en forma de documentos nun proceso autorreflexivo e formativo. Os docentes guían en sesións de titorización.

Actualización da estrutura docente

O proxecto necesita unha estrutura universitaria coa creación dun departamento específico de MFeC, dunha rede de profesores asociados, dunha comisión de docencia universitaria de MFeC cuxo presidente sexa o profesor titular do departamento, coa creación do coordinador de docencia de grao e o nomeamento de colaboradores extraordinarios e da creación dunha rede de centros de saúde universitarios.

É unha proposta rigurosa que poñerá en valor a capacidade do colectivo de MF de Galiza para formar alumnos como futuros médicos cunha visión integral do paciente. A participación de profesionais e centros de tódalas áreas supón un esforzo colectivo significativo e tamén esperanzador.